

Revisión da Clasificación Uniforme para o Comercio Internacional

Os índices de valor unitario encadeados baséanse na selección anual de clases elementais das que se obteñen valores unitarios. Para definir as clases elementais emprégase a clasificación uniforme para o comercio internacional. A partir do mes de xaneiro de 2010, utilízase unha nova revisión desta clasificación, a Clasificación Uniforme para o Comercio Internacional Revisión 4 (CUCI Rev. 4).

A CUCI Rev. 4 conserva a estrutura xeral da CUCI Rev. 3, e ten o mesmo número de seccións e divisións ou grupos. Os cambios realizados afectan o nivel dos rubros básicos e a algúns subgrupos.

Para a elaboración dos IVU utilízase a clasificación a nivel de grupo que non se ven moi afectados polo cambio de clasificación.

Para analizar como inflúe esta revisión nos IVU, calculáronse os elos coa nova revisión para o ano 2009 e analizáronse os cambios producidos nestes segundo as variables de clasificación empregadas nestes índices: fluxo, destino económico dos bens e rama de actividade.

Tendo en conta o fluxo e o destino económico, a media das diferenzas entre os elos coa CUCI Rev.4 respecto da CUCI Rev.3 é de 0,0007, mentres que a desviación típica é de 0,015. Comparando os elos obtidos coas dúas clasificacións a maior diverxencia dáse nas importacións de bens intermedios da industria, como se observa na seguinte táboa, cun aumento do elo coa CUCI Rev. 4 respecto á CUCI Rev. 3 de 0,04 para o devandito destino económico.

Diferenzas entre os elos segundo a CUCI Rev. 4 respecto á CUCI Rev. 3 para o ano 2009

	Exportacións	Importacións
Bens de consumo alimentarios	0,00	0,00
Bens de consumo non alimentarios	0,00	0,00
Bens intermedios. Agricultura e pesca	0,00	0,00
Bens intermedios. Enerxía	0,00	0,01
Bens intermedios. Industria	-0,01	0,04
Bens de capital	0,00	-0,02
Total	0,00	0,02

Por ramas de actividade, a media das diferenzas entre os elos é de 0,01 cunha desviación típica de 0,07. A maior diferenza nos elos ocorre, como no caso do destino económico, nas importacións na industria, en concreto na industria química, cun aumento de 0,46; sen embargo, esta diferenza non inflúe de forma importante no índice pois esta rama soamente supón o 3,4% do valor estatístico das importacións.

As ramas que máis peso teñen tanto nas importacións como nas exportacións, isto é, a industria da alimentación, a confección de roupa de vestir e a fabricación de vehículos de motor que supoñen case o 70% das exportacións e o 45% das importacións non se ven practicamente afectadas polo cambio da clasificación, como se observa na seguinte táboa.

RAMAS DE ACTIVIDADE	Exportacións		Importacións	
	Diferenzas elos	% valor estatístico	Diferenzas elos	% valor estatístico
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	0,000	1,0	0,001	2,0
Silvicultura e explotación forestal	0,000	0,0	0,004	0,2
Extracción de antracita, hulla e lignito	0,000	0,0	0,007	1,5
Extracción de cru de petróleo e gas natural	0,000	0,0	0,016	11,8
Extracción de minerais metálicos	0,000	0,0	0,000	1,2
Outras industrias extractivas	0,000	0,4	0,000	0,4
Industria da alimentación	0,000	12,2	0,000	12,6
Fabricación de bebidas	0,000	0,3	0,026	0,1
Industria téxtil	0,000	1,9	0,004	2,4
Confección de roupa de vestir	0,000	19,7	0,000	10,6
Industria do coiro e do calzado	0,000	2,3	0,000	0,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-0,002	2,0	0,000	1,2
Industria do papel	-0,037	2,0	0,033	1,4
Coquerías e refinación de petróleo	0,000	3,2	0,007	5,3
Industria química	-0,002	2,3	0,466	3,4
Fabricación de produtos farmacéuticos	-0,001	0,4	0,166	3,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	-0,007	0,6	0,002	1,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	0,000	2,0	0,000	0,7
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	0,000	3,3	0,000	6,4
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-0,001	1,7	0,001	1,8
Fabricación de material e equipamento eléctrico	0,000	4,2	-0,019	6,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,002	2,0	-0,005	2,8
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	0,000	38,0	0,000	21,7
Fabricación de mobles	0,000	0,5	0,000	1,0
Total	-0,002	100	0,024	100

Se se compara o valor dos fluxos segundo os grupos da CUCI, os grupos 512, 598 e 745 son nos que máis aumenta o valor estatístico respecto da CUCI Rev.3, sendo o aumento do 0,02%, mentres que onde máis diminúe o valor é nos grupos 431 e 723 e na mesma porcentaxe. Ningunha destas ramas ten un peso superior ao 0,6% do total de exportacións e importacións no ano 2009.

Como resumo desta análise para o ano 2009 das dúas clasificacións indicar que os cambios orixinados pola revisión na clasificación non afectan de forma considerable nos índices polo que a partir do ano 2010 utilizarase esta revisión sen esto supoña unha rotura total nas series respecto ao ano 2009.